



## BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA CONVOCATORIA 2026-27

(Orde do 15.12.2025, DOG núm. 4 do 08.01.2026)

### PREGUNTAS FRECUENTES

(actualización: 08.01.2026)

#### Teña en conta:

- As bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía na súa convocatoria 2026-2027 foron aprobadas por Orde da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude do 15 de decembro de 2025 (publicada no DOG do 08.01.2026).  
Consulte as bases para obter a información completa.
- As bolsas non implican relación laboral nin funcionarial coa Administración.
- O prazo de presentación de solicitudes é do 09.01.2026 ao 09.02.2026, ambos incluídos.
- Só son válidas as solicitudes presentadas a través da Sede Electrónica.
- Nas páxinas seguintes atopará resposta ás dúbidas máis frecuentes. Este documento poderá ser actualizado ao longo da vixencia da convocatoria.
- Se logo de consultar as bases e este documento continúa tendo dúbidas, pode dirixirse ao Servizo de Bibliotecas no seguinte correo electrónico: [servizo.bibliotecas@xunta.gal](mailto:servizo.bibliotecas@xunta.gal).



## CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E DA DOCUMENTACIÓN

---

1. Podo presentar a solicitude en calquera rexistro administrativo?
2. Equivoqueime ao cubrir o formulario de solicitude, que podo facer?
3. Esquecín presentar un documento, podo presentalo máis tarde?
4. Teño que presentar copia do DNI, certificados de non ter débedas coa Administración Tributaria e coa Seguridade Social etc?
5. No apartado "Documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade", que teño que poñer nas columnas da dereita?
6. Teño que presentar a documentación acreditativa dos méritos se xa a presentei na anterior convocatoria, ou na convocatoria de bolsas para museos ou arquivos?
7. Podo elixir a biblioteca na que quero realizar a bolsa?

## REQUISITOS DE ACCESO

### Requisitos xerais / incompatibilidades

---

8. Hai unha idade límite para presentarse á convocatoria?
9. É preciso ser galego/a ou falar galego para ser beneficiario/a?
10. Debo estar en situación de desemprego para poder solicitar unha bolsa?
11. Se xa teño experiencia traballando nunha biblioteca, podo ser beneficiario/a da bolsa?
12. Se xa fun bolseiro/a nunha convocatoria anterior, podo volver presentarme?
13. Podo solicitar esta bolsa se tamén son solicitante dunha bolsa de formación en museos ou en arquivos?

### Titulacións válidas para acceder á bolsa

---

14. Exíxese algunha titulación en concreto para poder solicitar esta bolsa?
15. É válida para acceder a estas bolsas calquera titulación da rama de humanidades?
16. Podo presentarme se teño un grao en Belas Artes/Tradución/Filosofía?
17. Estou en posesión dun título de grao dos que se recollen no artigo 10 das bases, pero é anterior ao curso 2014/2015. Recentemente completei os estudos e obtiven o doutoramento. É válido para poder presentarme?
18. Podo presentarme se o meu título é dunha universidade estranxeira?
19. Para o acceso ás bolsas, admítense os estudos de mestrado, doutoramento, cursos de posgrao ou especialización?



20. Teño un mestrado en materia de bibliotecas, pero non cursei ningún dos graos que se recollen no artigo 10 das bases. Podo presentarme?
21. Finalicei os estudos despois do curso 2014/2015, pero aínda non me chegou o título. Podo presentarme?

## MÉRITOS

### Outras titulacións académicas

---

22. Posúo dous títulos universitarios dos que dan acceso á bolsa, un deles é posterior ao curso 2014/2015 pero o outro é máis antigo. Valórase dalgún xeito?

### Expediente académico / Certificación académica oficial

---

23. Posúo dous títulos universitarios, debo presentar a certificación académica oficial dos dous?
24. Aínda non me expediron a certificación académica oficial na que consta a nota do expediente. Podo enviar unha captura de pantalla da certificación académica incluída na oficina virtual da Universidade?

### Cursos de formación

---

25. Valóranse os cursos de posgrao, especialización e mestrados oficiais en materia de bibliotecas, documentación ou xestión da información organizados por universidades privadas ou outros organismos privados?
26. Valóranse os cursos de formación recibidos ou impartidos sobre lingua e/ou literatura?
27. Valóranse os cursos sobre materias transversais relacionadas cos servizos bibliotecarios, tales como os de capacitación dixital, atención ao público, comunicación etc?
28. Se presento a acreditación dun curso sen indicación das horas lectivas, terase en conta?

### Coñecemento da lingua galega

---

29. Non posúo o certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), pero son graduado/a en Filoloxía Galega. Podo acreditar o nivel de galego co título de grao?
30. Os estudos de ESO, bacharelato ou FP con materias impartidas en lingua galega considéranse equivalentes ao Celga? Que debo facer para que o valoren?



## CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E DA DOCUMENTACIÓN

1

### Podo presentar a solicitude en calquera rexistro administrativo?

Non, só se admiten as solicitudes presentadas a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, mediante a función "Tramitar en liña" no procedemento CT233A. Pode empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia: certificado dixital ou DNI-e, Cl@ve ou Chave365.

2

### Equivoqueime ao cubrir o formulario de solicitude, que podo facer?

Se aínda non rematou o prazo, pode volver presentar unha nova solicitude a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o mesmo modelo de formulario (procedemento CT233A). Debe xuntar un escrito desistindo da anterior solicitude (indicando o número de rexistro desta) e solicitando que se teña en conta a nova.

Se xa rematou o prazo de solicitudes pero aínda non se resolveu, pode presentar un escrito solicitando a rectificación do erro a través da carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo ao expediente CT233A mediante o trámite *Modificación ou mellora voluntaria da solicitude* ou ben *Documentación separada da solicitude*.

3

### Esquecín presentar un documento, podo presentalo máis tarde?

Pode presentar novos documentos, se esqueceu facelo coa solicitude, a través da carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo ao expediente CT233A mediante o trámite *Documentación separada da solicitude*.



4

**Teño que presentar copia do DNI, certificados de non ter débedas coa Administración Tributaria e coa Seguridade Social etc?**

Non é preciso que presente estes e outros documentos, sempre e cando non se opoña a que a Administración os consulte (ou a autorice expresamente a consultalo, segundo o caso).

É importante que se fixe no apartado *Comprobación de datos* do formulario de solicitude.

Se marca "opóñome á consulta" nalgún dos puntos deste apartado, ou se marca "non" no último punto (autoriza a consulta de débedas coa AEAT) é necesario que obteña e presente todos os documentos acreditativos destas circunstancias.

5

**No apartado "Documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade", que teño que poñer nas columnas da dereita?**

Se presenta a documentación (título, certificación académica etc) non ten que cubrir as columnas "órgano", "cód. Procedemento" e "ano". Estas columnas só ten que cubrilas no caso de que non presente a documentación porque xa a presentou noutro procedemento anterior. Vexa a pregunta seguinte para máis información.

6

**Teño que presentar a documentación acreditativa dos méritos se xa a presentei na anterior convocatoria, ou na convocatoria de bolsas para museos ou arquivos?**

Non ten obriga de volver presentar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Neste caso, deberá indicar en que momento, ante que órgano administrativo e en que código de procedemento presentou os ditos documentos, cubrindo os campos correspondentes no apartado da solicitude *Documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade*.

Non obstante o anterior, debe ter en conta que, segundo establece o artigo 18.3º das bases, non se terán en conta os méritos alegados e non acreditados documentalmente, sen que proceda facer o requirimento a que se refire o artigo 17.2. Polo tanto, se non presenta a documentación e non achega a información necesaria para identificar o procedemento no que foi presentada anteriormente para que a Administración poida obtela, non se valorará o mérito alegado e non xustificado.

Para facilitar as tarefas de comprobación dos documentos e valoración dos méritos, é recomendable que presente os documentos ben ordenados, seguindo a orde na que aparecen na solicitude.



7

**Podo elixir a biblioteca na que quero realizar a bolsa?**

Si, na súa solicitude debe indicar a biblioteca ou bibliotecas na/s que desexa realizar a bolsa, por orde de prioridade.

No caso de que resultase adxudicatario/a, unicamente se lle asignará destino nalguna das bibliotecas que indica na solicitude, tendo en conta a orde de prelación das persoas adxudicatarias.

Igualmente, se vostede queda na listaxe de suplentes, poderá ser chamado/a se quedase unha vacante nalguna das bibliotecas que indicou na solicitude.

**REQUISITOS DE ACCESO**

**Requisitos xerais / incompatibilidades**

8

**Hai unha idade límite para presentarse á convocatoria?**

Non, non hai unha idade límite, pero os estudos conducentes á obtención do título teñen que estar finalizados no curso 2014/2015 ou posterior.

9

**É preciso ser galego/a ou falar galego para poder ser beneficiario/a?**

Non, pode presentarse calquera persoa que reúna os requisitos, independentemente da súa nacionalidade ou veciñanza.

Non é requisito necesario falar galego, pero o nivel de coñecemento do galego é un mérito avaliable.

10

**Debo estar en situación de desemprego para poder solicitar unha bolsa?**

Non é preciso estar en situación de desemprego no momento de presentar a solicitude, pero debe ter en conta que o exercicio da bolsa é incompatible co desempeño dun emprego remunerado. Polo tanto, ao presentar a solicitude deberá declarar se ten ou non emprego remunerado e, en caso afirmativo, comprometerse expresamente a renunciar a este con anterioridade ao momento da incorporación ao centro ao que sexa destinado/a.

Non sería preciso que renuncie ao posto de traballo sempre que se dean as dúas circunstancias seguintes:

- que se se se trate dun emprego de carácter esporádico e de duración acumulada inferior a dous meses durante o período de duración da bolsa.
- que non afecte á actividade habitual no exercicio desta.



11

**Se xa teño experiencia traballando nunha biblioteca, podo ser beneficiario/a da bolsa?**

Si, a menos que ocupase un posto de técnico/a de bibliotecas durante máis de seis meses.

12

**Se xa fun bolseiro/a nunha convocatoria anterior, podo volver presentarme?**

Si, a menos que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- que fose beneficiario/a durante máis de seis meses.
- que, sendo adxudicatario/a da bolsa, non chegase a incorporarse ao centro de destino sen causa debidamente xustificada.
- que, sendo beneficiario/a e iniciada a bolsa, renunciase a ela sen causa debidamente xustificada.

13

**Podo solicitar esta bolsa se tamén son solicitante dunha bolsa de formación en museos ou en arquivos?**

Pode presentar a solicitude en todas estas convocatorias, pero se resultase adxudicatario/a en máis de unha, só poderá aceptar unha delas e debe renunciar ás outras.

Así mesmo, se acepta calquera destas bolsas (sexa por adxudicación inicial ou por chamamento como suplente) suporá a exclusión do listado de suplentes das outras.

### **Titulacións válidas para acceder á bolsa**

14

**Exíxese algunha titulación en concreto para poder solicitar esta bolsa?**

Si, é preciso ter algunha das titulacións que se recollen no artigo 10 das bases:

- Grao en Biblioteconomía e Documentación.
- Grao en Información e Documentación.
- Grao en Xestión de Información e Documentación Dixital.
- Grao en Lingua e Literatura Galega/Española/Estranxeira/Comparada.
- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.
- Grao en Humanidades.
- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.
- Grao en Xestión Cultural.
- Mestrado oficial en materia de bibliotecas.



|    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|----|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|    | <p>É preciso que os estudos conducentes ao título estean rematados no curso académico 2014/15 ou posterior.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| 15 | <p><b>É válida para acceder a estas bolsas calquera titulación da rama de humanidades?</b></p> <p>Non, unicamente se admite o Grao en Humanidades (ou calquera outra titulación das recollidas no artigo 10 das bases).</p>                                                                                                                                                                                                                             |
| 16 | <p><b>Podo presentarme se teño un grao en Belas Artes/Tradución/Filosofía?</b></p> <p>Non, unicamente se admiten as titulacións recollidas no artigo 10 das bases.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| 17 | <p><b>Estou en posesión dun título de grao dos que se recollen no artigo 10 das bases, pero é anterior ao curso 2014/2015. Recentemente completei os estudos e obtiven o doutoramento. É válido para poder presentarme?</b></p> <p>Non, porque o doutoramento non é unha das titulacións coas que se accede á bolsa. É preciso que os estudos conducentes ao título (grao, neste caso) estean rematados no curso académico 2014/15 ou posterior.</p>    |
| 18 | <p><b>Podo presentarme se o meu título é dunha universidade estranxeira?</b></p> <p>Si, pero debe achegar unha declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e declaración de equivalencia de notas medias, emitida pola Administración educativa española (artigo 13.1.a) das bases).</p>                                                                                                                         |
| 19 | <p><b>Para o acceso ás bolsas, admítense os estudos de mestrado, doutoramento, cursos de posgrao ou especialización?</b></p> <p>Unicamente o Mestrado oficial en materia de bibliotecas é válido para acceder ás bolsas (ademais de calquera outra titulación das recollidas no artigo 10 das bases).</p> <p>Non dan acceso ás bolsas nin os mestrados non oficiais, nin os cursos de doutoramento, cursos de posgrao ou cursos de especialización.</p> |
| 20 | <p><b>Teño un mestrado en materia de bibliotecas, pero non cursei ningún dos graos que se recollen no artigo 10 das bases. Podo presentarme?</b></p> <p>Si, pode presentarse sempre que se trate dun mestrado oficial en materia de bibliotecas, independentemente de cal sexa a titulación previa coa que accedeu ao mestrado.</p>                                                                                                                     |



21

**Finalicei os estudos despois do curso 2014/2015, pero aínda non me chegou o título. Podo presentarme?**

Pode presentarse sempre que teña o título ou acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

## MÉRITOS

### Outras titulacións académicas

22

**Posúo dous títulos universitarios dos que dan acceso á bolsa, un deles é posterior ao curso 2014/2015 pero o outro é máis antigo. Valórase dalgún xeito?**

Si, ambas as dúas titulacións son avaliadas conforme o sinalado no artigo 18 das bases.

### Expediente académico / Certificación académica oficial

23

**Posúo dous títulos universitarios, debo presentar a certificación académica oficial dos dous?**

Unicamente terá que presentar a certificación correspondente ao título co que concorre á bolsa (un dos recollidos no artigo 10), xa que só se valorará o expediente académico desta titulación.

- *Por exemplo, se está en posesión dos títulos de Grao en Historia da Arte (incluído no artigo 10) e en Belas Artes (non incluído), só ten que presentar a certificación académica dos estudos de Historia da Arte.*

Se ten dous títulos dos recollidos no artigo 10, pero só un deles corresponde a estudos finalizados no curso 2014/2015 ou posterior, unicamente terá que presentar a certificación académica deste, xa que a nota media do expediente máis antigo non se valora.

Se ten dous títulos dos recollidos no artigo 10 (ambos os dous estudos finalizados no curso 2014/2015 ou posterior), terase en conta a nota do expediente académico que lle outorgue maior puntuación segundo o baremo establecido nas bases reguladoras.

- *Por exemplo, se está en posesión do título do Grao en Historia e dun Mestrado Oficial en materia de bibliotecas calcularase a puntuación da seguinte forma:*



- a nota media do título de Grao multiplicarase por 0,5.
- a nota media do Mestrado oficial multiplicarase por 0,25.
- aplicarase a puntuación maior das dúas.

*Polo tanto, neste suposto, pode presentar as dúas certificacións oficiais ou ben calcular a puntuación e presentar unicamente aquela que lle resulte máis beneficiosa.*

En calquera caso, só se terá en conta a certificación que presente coa solicitude.

24

**Aínda non me expediron a certificación académica oficial na que consta a nota do expediente. Podo enviar unha captura de pantalla da certificación académica incluída na oficina virtual da Universidade?**

Non, xa que o contido que se ofrece a través da oficina virtual da Universidade é meramente informativo e non ten validez oficial.

## Cursos de formación

25

**Valóranse os cursos de posgrao, especialización e mestrados oficiais en materia de bibliotecas, documentación ou xestión da información organizados por universidades privadas ou outros organismos privados?**

Segundo o artigo 18.1º, letra c) das bases da convocatoria, valóranse con 4 puntos os cursos de posgrao, especialización e mestrados oficiais en materia de bibliotecas, documentación ou xestión da información de máis de 400 horas organizados por:

- organismos públicos.
- universidades (públicas ou privadas).

Non se valoran neste apartado:

- os organizados por outros organismos privados que non sexan universidades.
- os mestrados propios.
- os de menos de 400 horas.

Porén, os mestrados propios, os cursos ou mestrados de menos de 400 horas ou os organizados por asociacións profesionais de bibliotecarios/as ou documentalistas poderán ser valorados conforme a letra d) do artigo 18.1º, con 0,005 puntos por cada hora lectiva, ata un máximo de 4 puntos.



26

**Valóranse os cursos de formación recibidos ou impartidos sobre lingua e/ou literatura?**

Non, non se valoran.

27

**Valóranse os cursos sobre materias transversais relacionadas cos servizos bibliotecarios, tales como os de capacitación dixital, atención ao público, comunicación etc?**

Valóranse sempre que estean especificamente dirixidos á xestión e prestación dos servizos bibliotecarios e así figure indicado expresamente ou na relación das materias impartidas.

28

**Se presento a acreditación dun curso sen indicación das horas lectivas, terase en conta?**

Non, non se terán en conta os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles nos que non se acrediten as horas.

### **Coñecemento da lingua galega**

29

**Non posúo o certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga), pero son graduado/a en Filoloxía Galega. Podo acreditar o nivel de galego co título de grao?**

Si, xa que o nivel de galego do grao ou Licenciatura en Filoloxía Galega é equivalente ao nivel do Celga 5. Teña en conta que non obterá máis puntuación por ser un nivel superior ao Celga 4, que é o que outorga a maior puntuación neste apartado (artigo 18 das bases).

30

**Os estudos de ESO, bacharelato ou FP que inclúen a materia de lingua galega considéranse equivalentes ao Celga? Que debo facer para que o valoren?**

Para que se valore este mérito, debe presentar a certificación oficial expedida pola secretaría do centro educativo, ou pola Secretaría Xeral da Lingua, segundo proceda, con indicación da equivalencia ao nivel de Celga.

Non se terá en conta o expediente ou certificación oficial con indicación das materias cursadas, unicamente a certificación que se indica no parágrafo anterior.